

Sr Presidente da Xunta de Galicia

Autoridades

Sr. Alfredo Conde

Amigas e amigos

Un polaco de grande relevo, electricista de barcos, sindicalista e activista dos dereitos humanos, cofundador do movemento Solidaridade, que chegou a ser presidente do seu país entre 1990 e 1995, Lech Walesa, comezou o seu discurso ó recibir o Nobel da Paz, en 1983, dicindo: “endexamáis traballei pensando nos premios, nas medallas e nos galardóns, algo común entre as persoas da miña xeración, adoctrinadas polo poder totalitario do Estado nun falso afán de superación...

...Fixen tanto por recibir premios como por ir ó cárcere. Pero faltaría á verdade se ocultase que teño sido recoñecido, máis do que merezo, polos meus compañeiros e que sufrín cadea por manifestar e defender o que penso. Non me consideren, por isto, un desagradecido. De ningunha maneira, este é para min un grande honor, pero teño claro que nin os afalagos, en forma de premios e distincións, nin a represión, por dura e brutal que sexa, lograrán afastarme do meu camiño. Son testán e perseverante...”

Considero acaída esta cita, porque expresa a autenticidade dun traballador que fixo méritos abondos para chegar a ser líder e que, con firme valentía, enfrontouse a un sistema opresor desde abaixo, asumindo responsabilidades cando lle tocou facelo -ó máis alto nivel, como presidente de Polonia-, demostrando tamén a calidade humana de quen soubo agradecer o Premio Nobel da Paz sen apelar a egolatrías nin a vaidades, tan frecuentes e tan humanas, por desgraza. Velai un exemplo do que significa ser consecuente consigo mesmo, máis alá dos erros e dos acertos que todos cometemos.

Salvadas as distancias, ese foi, para a Corporación Povincial de Ourense que me honro e presidir, o espírito da **distinción de Fillo Predilecto** que, por unanimidade, acordamos outorgarlle ó escritor alaricano Alfredo Conde Cid, e que hoxe lle entregamos neste solemne acto.

Expostos, polo instructor, os méritos que concorren en Don Alfredo Conde Cid, autor - de momento- de sesenta e nove libros en galego e castelán, un deslumbrante arco da vella que abrangue desde o inicial poemario *Mencer de lúas*, publicado en 1969, fulgura con *Xa vai o griffon no vento*, en 1984, un clásico da nosa novelística, e segue camiño coa súa recente obra de non ficción: *En canto a Fraga*., neste 2021(**ensinar ó público os tres libros**)

Feita tamén a correspondente *laudatio*, con rigor e galano literario polo seu colega, o escritor e xornalista ourensán Xosé Carlos Caneiro, que acaba de ilustrarnos co abraiante labor, ó longo de cincuenta e tres anos, do Alfredo Conde novelista, do autor de relatos breves, do poeta, do dramaturgo, do guionista, do entrevistador, do viaxeiro e do constante articulista na prensa de Galicia -actualmente nas páxinas de La Región- e noutras importantes cabeceiras de España e de Iberoamérica,

non me corresponde a min entrar en consideracións críticas de quen destaca no sistema literario galego, e tamén no español, pola calidade, variedade e alcance dunha obra amplamente traducida ó inglés, ó francés, ó italiano, ó chinés e ó ruso (nada menos que once títulos).

Sí como lector, permítanme vostedes que aproveite a oportunidade para determe no parágrafo final do capítulo XII de *Xa vai o griffon no vento*:

“Remata a festa e decide sair aquela mesma mañá camiño de Ourense. Dende Allariz mandara recado a Valladolid da choiva que asulaga o país, da fame que nel reina, da peste que inza, de cando en vez, con dúcias de cadáveres nos camiños... En Allariz deixa ó secretario e mailo aguacil cos criados, recompoñendo todo, estibando os legaxos... El, xunto con Lourenzo Pedreira, retorna a Ourense. Vai por Taboadela, aproveitando a canle da Barbaña, evitando o camiño real, entra na cidade de noite. Acode axiña ó obradoiro de Vasco Días Tanco de Freneal, a unha xuntanza para falar de libros.”

Ben certo é o que nos deixou dito o grande poeta Fernando Pessoa, no seu *Livro do desassossego*, respecto da arte narrativa: “ha na prosa subtilezas convulsas em que um grande actor, o Verbo, transmuda o relato e faze-nos tremer coa palabra completa, vista e ouvida...”

Resulta grato lembrar, en Ourense, que con *Xa vai o griffon no vento*, Alfredo Conde obtivo o Premio “Blanco-Amor” de novela do ano 1984. Libro que sería merecente do Premio Nacional de Literatura en 1986, o primeiro por unha obra escrita en lingua galega. Trinta e cinco anos despois, outro autor de noso, Xesús Fraga, coa novela *Virtudes (e misterios)* gañadora do Premio “Blanco-Amor” de 2019, patrocinado e organizado desde hai seis anos, pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, acaba de obter o Premio Nacional de Narrativa. Parabéns a Xesús Fraga, e seguimos...

Aínda que *O griffon* poida ser considerada unha aventura en clave histórica, sustentada por unha ampla e rica documentación, que lle permite ao autor recrear, con elegante plasticidade, a cidade de Santiago de Compostela no século XVI, a través da vida dun inquisidor, integrando, en contrapunto e paralelo, outro relato máis actual, a frustración dun escritor fracasado, Ourense, como non, está presente. O grande actor, como na meirande parte da obra do noso homenaxeado é o verbo, a palabra que prende e que nos leva a reflexionar sobre o poder, a liberdade, a tolerancia, as grandezas e as miserias, o amor e o desamor, en definitiva sobre temas universais que están aí, ó alcance de calquera, pero que só o bo uso do verbo e a imaxinación converten en literatura.

Alfredo Conde Cid, que naceu na histórica vila de Allariz o cinco de xaneiro de 1945, pasa a ser, desde hoxe mesmo, **Fillo Predilecto de Ourense**, ou o que é o mesmo, confirma a súa condición de ourensán respectado, admirado e benquerido, pero non só nos límites territoriais desta provincia.

A ourensanía, máis ca un concepto, é un sentimento de pertenza a unha terra, a un pobo e a unha cultura bimilenaria viva, que perdura, da que Alfredo Conde forma parte activa e destacada. Equivócanse os que pensan que ourensanía foi unha ocorrencia, un neoloxismo casual e, moito menos, a reivindicación dun localismo reduccionista e cativo.

Definida polo poeta Luís González Tosar, ourensán nacido en Buenos Aires, que decidiu ser galego e que captou coma ninguén a esencia deste país, a excelencia do noso idioma e o alcance desta nación cultural, no manifestó “Afirmación da Ourensanía” - cuxa lectura recomendo- foi publicado nunha data fulcral; o 11 do 11 de 2011, festividade de San Martiño, posteriormente suscrito por escritores, artistas plásticos, cineastas, xestores culturais...En definitiva, por homes e mulleres libres e creativos que participan e lexitiman o noso xeito, **o propio**, de percorrer e de interpretar o mundo; de Newark a Barcelona, de París a Bilbao, de Buenos Aires a Manila, de Toronto a Düsseldorf, de Berna a La Habana, de Sydney a Caracas, de Melbourne a México D.F; nós sempre en Ourense!!!

Podemos dicir con orgullo que a ourensanía afonda as raíces no ourensanismo, na ourensanidade de Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carbajal, Marcelo Macías, Saco e Arce, García Ferreiro, Álvarez de Novoa, Parada Justel, Losada Diéguez, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda, Xosé Ramón Fernández-Oxea -o admirado mestre Ben-Cho-Shey-, Xaquín Lorenzo, Euxenio Montes, Eduardo Blanco-Amor, Silvio Santiago, Sebastián Martínez-Risco, Florencio Delgado Gurriarán, Ferro Couselo, Taboada Chivite, Prego de Oliver, José Ángel Valente, Failde, as irmás Dora e Pura Vázquez, Antón Tovar, Xaime Quessada, Virxilio, Xosé Luís de Dios, Carlos Casares, Marcos Valcárcel e outros grandes inmortais que deron reposta á terra nutricia con sentimento e emoción, con humor e talento, baixo a divisa universal da ilustración, erguida por frei Benito Jerónimo Feijóo, o sabio de Casdemiro.

Grande e compartida é a satisfacción de todas e todos os presentes, dos que nos xuntamos hoxe para

manifestarlle a Alfredo Conde Cid o noso agradecemento. Uns por teren coñecido ó marino mercante que surcou os mares ollando para o ceo e cantándolle “a unha Galiza nai e berce, riso e pranto, estrela e esperanza”, outros ó seu compañeiro de clase, e habera quen lembre ó profesor que lles descubriu paisaxes e historias coas súas mellores palabras...

Eu quixera salientar ó cidadán Alfredo Conde, ó mozo criado nunha familia ourensá, ó fillo dun pai galeguista, ó home comprometido contra a ditadura, ó escritor que non dubidou en baixar do confort da torre de almansí para asumir responsabilidades, para integrar, con Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Benxamín Casal, o grupo de deputados galeguistas independentes que contribuíu, decisivamente, ó desenvolvemento do noso Estatuto a través de Leis fundamentais, como a de Normalización Lingüística, hai catro décadas. Todo estaba por facer daquela, todo era entusiasmo e ilusión, pluralidade política, exercicio das liberdades cívicas e individuais, mesmo para os que non acreditaban na transición democrática nin na autonomía. Non resulta doado imaxinar aquela etapa desde a realidade actual. Alfredo Conde, que foi partícipe e testemuña de tantas cousas, ten aportado a súa visión de feitos e de circunstancias que xa son historia de Galicia.

Quixera rematar, se mo permiten, recollendo unha alerta sobre a saúde da **lingua propia de Galicia** (denominación do vixente Estatuto de Autonomía) que facía, hai dúas semanas, Víctor Fernández Freixanes, nun seu artigo publicado en La Voz de Galicia co expresivo título de “Algo non estamos facendo ben”. Referíase o escritor pontevedrés, presidente da Real Academia Galega, ós resultados negativos, en canto ó uso da lingua galega nos ámbitos escolares, tirados da publicación do Mapa Sociolingüístico do Concello de Ames. Un traballo de campo realizado por un equipo de especialistas baixo a supervisión xeral do ex-secretario xeral, actual vicesecretario xeral, da centenaria corporación que radica na cidade da Coruña, o profesor Henrique Monteagudo Romero.

Reclamaba, textualmente, o titular da RAG, “alén de retóricas de ocasión, a responsabilidade de todos. En primeiro lugar das administración, principalmente a Xunta, que ten as competencias, **pero tamén as deputacións e os concellos...**” E concluía: “ dende 1983, con case corenta anos de Lei de Normalización Lingüística, se cadra é a ocasión de reflexionar xuntos sobre o futuro”.

Diante do Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, a quen lle agradezo moi especialmente a súa presenza neste acto, e de Alfredo Conde, un dos redactores da ponencia da devandita Lei de Normalización Lingüística, na primeira lexislatura do noso Parlamento, teño moito gusto en anunciar que **trasladarei á Comisión e Goberno da Deputación de Ourense a iniciativa de sufragar e realizar nun concello da provincia, de similares características ó de Ames, un traballo de campo, levado a cabo por un equipo de sociolingüistas competentes, que permita determinar, unha vez obtidos e analizados os resultados, o estado do idioma galego nun espazo territorial que tamén integra e engrandece a Galicia, sempre disposto a promover o uso e a pervivencia do idioma propio,**

digno e merecente de ser tido en conta á hora de diversificar o ámbito académico, ó que Ourense tanto ten aportado historicamente co mellor da súa intelectualidade; desde Manuel Curros Enríquez a Xosé Luís Mendez Ferrín.

Graciñas a todas e a todos, beizón pola vosa presenza, e deséxolle, unha vez máis, moitos éxitos ó noso homenaxeado,

Teño dito.

